

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE XURISTAS GALEGOS EN MADRID (IURISGAMA) PARA A DOTACIÓN DOS PREMIOS "MONTERO RÍOS" E "IURISGAMA"

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **Carlos Lema Devesa**, presidente da Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), no uso das atribucións que lle confire o seu nomeamento como presidente da Asociación de Xuristas Gallegos en Madrid (IURISGAMA) o pasado 20.11.2025.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que a Lei orgánica do poder xudicial recoñeza ou atribúa ao Goberno do Estado, que non entren no núcleo da Administración de xustiza en sentido estrito. No eido de aplicación da dita cláusula subrogatoria do Estatuto de Autonomía, atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro; e logo foi ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, para comprender tamén os medios materiais e económicos das fiscalías de Galicia.

Segundo. Á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, sexan



senlleiras no mundo do Dereito, como é neste caso o recoñecemento a xuristas de prestixio da nosa terra, con independencia do lugar onde desenvolvan o seu relevante labor, e a todos aqueles traballos que versen sobre temas xurídicos relacionados co Dereito Civil de Galicia.

Terceiro. A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) xorde como consecuencia da aglutinación dos numerosos xuristas que residen na capital de España, e ten, entre outros fins, ademais do de favorecer a interrelación destes profesionais, o estudo, promoción e desenvolvemento do Dereito Galego; o permanente seguimento da actividade parlamentaria galega, en especial na súa vertente lexislativa, e mais a elaboración de informes e expedientes sobre temas relevantes de Dereito, nomeadamente do Dereito Civil de Galicia.

Cuarto. A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) conferiu un punto de distinción á tradición xurídica galega instituindo dous premios dedicados ao labor meritorio de ilustres xuristas galegos, un que leva por nome "MONTERO RÍOS" e outro que leva por denominación o propio acrónimo da asociación, "IURISGAMA". Neste senso a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) teñen plena consciencia dos obxectivos que perseguen, así como tamén vontade de ligar esforzos nos seus respectivos ámbitos, polo que deciden colaborar mutuamente e acordan subscribir esta colaboración.

Quinto. A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ao abeiro do exposto, e no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) na concesión e financiamento dos premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA", dedicados a premiar o labor meritorio de ilustres xuristas galegos.



Segunda. A concesión dos premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA"

Os premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA" serán outorgados por un xurado que constituirá a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), do cal formará parte o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes ou a persoa en quen delegue. Cada un destes premios leva asociada unha gratificación económica de 3.500,00 € para os premiados e unha placa de prata.

Terceira. Obrigas da Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA)

A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes da asociación, e o dito persoal non terá relación laboral coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
3. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.



6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

7. As partes asinantes virán abrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Cuarta. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará na realización das actuacións á que se refire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de seis mil euros (6.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, como contribución aos gastos soportados pola Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) pola concesión dos premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA"

Quinta. Libramento de fondos

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos seguintes:

1.- Pagamentos anticipados:

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da asociación, a Dirección Xeral de Xustiza concederá un anticipo de ata un máximo do 80 % da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 63 Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución



de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.- Resto pagamentos:

O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) e unha institución sen ánimo de lucro, a citada Asociación queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se o importe do anticipo, unha vez comprobada a documentación xustificativa aportada pola asociación, resultase superior ao importe da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, iniciárase o corresponde procedemento de reintegro pola cantidade pagada en exceso, segundo o establecido no capítulo II do Decreto 11/2009.

A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) incorporará, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas; e, por outra, unha relación clasificada dos gastos da actividade, na que se faga constar: a identificación do acredor e do documento, xunto co seu importe, data de emisión e data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia; e, se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

O representante da Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentárase unha declaración do conxunto de axudas solicitadas -tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución- para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.



En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado pola Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), que servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculando este como unha porcentaxe do custo final da actividade, o pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que debe alcanzar dita achega respecto do custo total, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrada en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto de convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2026**.

Sexta. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre a **data de sinatura do convenio e a data límite de xustificación**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os custos indirectos -tales como axudas de custo, viaxes ou consumibles- formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados por Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos



correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de **xustificación comprendida entre data de sinatura do convenio e a data límite de xustificación**

Sétima. Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Oitava. Publicidade

En toda difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recolleitas no presente convenio, farase referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), incluíndose a imaxe corporativa de ambas as dúas institucións.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Novena. Seguimento do convenio

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará integrada por 4 membros, designados por cada parte asinante:

- Dúas persoas por parte da Administración de Xustiza da Xunta de Galicia:
 - A persoa que ostente a dirección da Dirección xeral de Xustiza, que ostentará a presidencia e terá voto dirimente.
 - A persoa que ocupe o posto da subdirección xeral de medios da Administración de Xustiza, que actuará como secretaria.
- Dúas persoas por parte de IURISGAMA:
 - A persoa que ostente a presidencia de IURISGAMA, ou persoa que a substitúa.
 - Outro membro de IURISGAMA que nomee a propia Asociación.



Reunirase como mínimo unha vez ao ano e facultativamente cando se considere necesario, a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerese, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

As funcións da comisión serán:

- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décima. Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, palas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá o 31 de decembro de 2026.

Décimo primeira. Modificacións e resolución do convenio

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) poderá solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación no orzamento inicial presentado, sempre que as actuacións estean comprendidas dentro do obxecto do convenio establecido na cláusula primeira e que o importe total do orzamento total non varíe. As solicitudes de modificacións do convenio deberán estar suficiente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Xustiza, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este, se as partes, consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de dotar unha maior achega económica ao mesmo, e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.



2. O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De se resolver o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo segunda. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa. As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, precedendo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que poida xurdir na súa aplicación.

Décimo terceira. Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, é asinado polas partes comparecentes no lugar e data que se indican no encabezamento.

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

O Presidente da Asociación de Xuristas
Galegos en Madrid (IURISGAMA)

Diego Calvo Pouso

Carlos Lema Devesa

